

Catro muralistas chaman a preservar a auga potable con obras en todas as provincias galegas

- **Artistas de Carballo, Bilbao, Valencia e o Val d'Aran gañan a segunda edición do Concurso de Murais 'People & Planet' coas súas propostas sobre o ODS 6**
- **O Fondo Galego de Cooperación organizou o concurso financiado pola Unión Europea en colaboración cos concellos do Moeche, Poio, Verín e Viveiro**

Pontevedra, 29 de maio de 2024. Catro obras promoverán a protección do recurso hídrico nos concellos de Moeche, Poio, Verín e Viveiro tras gañar o **Concurso de Murais 'People & Planet'**. As propostas de Mikel Erkiaga, Isa Bermúdez, Noé Peiró e Raúl del Carmen resultaron ser as que mellor ilustran o Obxectivo de Desenvolvemento Sostible número 6, que chama a **“garantir a dispoñibilidade de auga e a súa xestión sustentable e o saneamento para todas as persoas”**. Unha viaxe sostible a Cabo Verde volve ser o premio nesta segunda edición do certame, convocado polo [Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade](#) e cofinanciado polo programa DEAR da Comisión Europea.

'O importante' é o título do bosquexo presentado polo bilbaíno **Mikel Erkiaga**, que se materializará nunha das naves municipais situadas no recinto feiral de Moeche (A Coruña). O autor convida a reflexionar sobre a necesidade de protexer a auga potable para asegurar a supervivencia dos seres vivos e consumila de xeito racional. A proposta fracciónase en diferentes pantallas que aproveitan a estrutura da parede para xogar co espazo dentro/fóra a través do contraste entre cores frías e cálidas, todo cun trazo moi persoal.

No caso de, **Isa Bermúdez**, nada en Alemaña e residente en Carballo, o xurado valorou a capacidade da súa obra 'A viaxe' para crear e representar unha historia, na que unha rapaza busca unha lagoa non contaminada para devolver ao seu amigo peixe á casa. Ademais, faino cun debuxo propio, dividido en seccións, que encaixa coa contorna do parque Costa Giráldez de Lourido, en Poio (Pontevedra), onde se levará a cabo.

'A parte do xardín que non regas, murcha; se o regas por igual, non'. Así denomina o valenciano **Noé Peiró** o bosquexo para Verín (Ourense), en alusión á loita contra a escaseza e a contaminación da auga para que todas as persoas teñan acceso a ela. O deseño divídese en tres partes a través da distinta intensidade das cores, dentro da mesma gama, para chamar a atención sobre a diferenza entre a abundancia e a carestía do líquido elemento. O autor traballou a idea cunha intencionalidade crítica e a través dun estilo propio, ante a que o público facer a súa interpretación persoal e tirar conclusións.

Na obra que se pintará en Viveiro (Lugo), 'Cando o río soa', **Raúl Manero, alias Raúl del Carmen**, representa os ríos galegos como símbolos de pureza e de vida, mediante unha base en branco e negro sobre a que un trazado case cartográfico proporciona cor e movemento. Estas arterias acuáticas, esencia da nosa paisaxe, teñen un papel chave na sustentabilidade e no desenvolvemento da comunidade, de aí que a obra convida a coidalas, como redes que nos tecen. Alén desta capacidade evocadora, o xurado valorou a técnica da obra, abstracta pero propia, que despertará a curiosidade en quen a observe.

A segunda edición do Concurso de Murais 'People & Planet' recibiu un total de 11 deseños de 8 muralistas -das que 3 eran mulleres-, que foron valoradas polo xurado nunha xuntanza celebrada a semana pasada en Santiago de Compostela. As artistas Sandra Lodi, Julia Lago e Raquel Germade, canda Ana Díaz, activista de Ecoloxistas en Acción, e Manuel Fernández, técnico municipal de xuventude, integraban o tribunal que decidiu as propostas gañadoras. As e os seus autores viaxarán proximamente a Cabo Verde, co fin de **coñecer a realidade dun país da África lusófona** co que o Fondo Galego leva colaborando dúas décadas.

Ademais, as e os muralistas terán a oportunidade de presentarlle as súas propostas á mocidade dos municipios onde interveñan, podendo recoller as súas ideas e integrala nun pintado colectivo. Impúlsase así un activismo que pon en valor o **potencial transformador da creación artística**, promovendo o pensamento crítico e reivindicando un cambio social. De igual xeito, foméntase a participación cidadá na construción de cidades e vilas sostibles, ao tempo que **se transforma o espazo público de maneira colectiva**.

ODS 6: Auga limpa e saneamento

Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible son 17 metas globais que os Estados membros da ONU adoptaron a finais de 2015 para **erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade** para todas as persoas no horizonte de 2030. A tamén chamada [Axenda 2030](#) abrangue temas coma o xénero, a saúde, a educación, o medio ambiente ou a paz. Todos os ODS da entroncan dalgún xeito coas competencias locais, de aí que o papel dos municipios sexa clave para acadalos.

Concretamente, o [ODS 6](#) pon de relevo que hai suficiente auga doce no planeta para que todos os seus habitantes teñan acceso a ela, pero boa parte da poboación está afectada pola súa escaseza ou mala calidade. No entanto, podemos entender esta problemática nun sentido amplo, tal e como establece a campaña ['Water of the future'](#): medidas para **aforrar auga, pegada hídrica**, a situación noutros lugares, activismo contra a contaminación dos ríos e os océanos, reivindicación de espazos protexidos, etc.

#PeopleAndPlanet

O proxecto '[People & Planet](#): un destino común' busca concienciar as mozas e mozos europeos sobre as graves consecuencias do cambio climático para que se convertan en axentes de transformación na procura dun mundo máis sustentable. A iniciativa, que botou a andar en novembro de 2020 e que se prolongará durante catro anos, reforza tamén aos gobernos municipais na promoción de políticas a prol do desenvolvemento sostible, tendo en conta a interdependencia local-global. Procúrase así contribuír a implementar a [Axenda 2030](#). O plan está financiado polo programa DEAR da Comisión Europea e involucra a 17 entidades de Galicia, Portugal, Alemaña, Irlanda, Italia, Polonia, Romanía, Países Baixos e Cabo Verde.

O Fondo Galego

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 108 concellos e as deputacións de Pontevedra, A Coruña e Lugo, que concentran a través desta rede os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Garántese deste xeito unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos con impacto nos países do Sur Global e a sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional. **Recoñecido como axencia municipal da cooperación galega**, o Fondo Galego vén de cumprir 27 anos tendo apoiado uns 200 proxectos en máis de trinta países e promovendo numerosas actividades e materiais en relación aos desequilibrios Norte-Sur e a Axenda 2030.

Para máis información, imaxes ou entrevistas cos gañadores, poñédevos en contacto connosco. Saúdos,

ÁREA DE COMUNICACIÓN

Carmen Novas 604 040 890
comunicacion@fondogalego.org
www.facebook.com/FondoGalego